

O 60% dos rapantes das pescaderías españolas non son o que di a etiqueta

Escrito por Manuel Ansedo (Materia)
Sábado, 21 Xullo 2012 13:42



A maior identificación errónea rexistrada no mundo ameaza o futuro do rapante manchado, capturado sen control.

Un equipo de biólogos españois atopou a maior identificación errónea de peixes detectada no mundo. O 60% dos rapantes (gallos) das pescaderías españolas están mal etiquetados. O que se vende como rapante europeo ou do norte é, en moitísimos casos, rapante manchado, outra especie máis pequena caracterizada polos catro lunares negros nas aletas próximas á cola. Os investigadores, da Universidade de Oviedo, alertan de que a identificación errónea conduce á sobrepesca invisible do rapante manchado e, a longo prazo, pode conducir á redución das poboacións “e mesmo a unha eventual extinción”.

Non é unha esaxeración. En 2009, científicos do Museo Nacional de Historia Natural de Francia descubriron que o que se cría que era unha soa especie de raia europea, *Dipturus batis*, eran dúas: unha de talla mediana e outra xigante, de até 2,8 metros de envergadura. A de maior

O 60% dos rapantes das pescaderías españolas non son o que di a etiqueta

Escrito por Manuel Ansede (Materia)
Sábado, 21 Xullo 2012 13:42

tamaño pescouse desde 1920 pensando que eran simplemente exemplares grandes, [até levar á especie ao bordo da extinción](#).

“O risco é para a especie, non para o consumidor en ningún caso. E tampouco é un fraude económico, porque son dúas especies que se comercializan co mesmo prezo e teñen o mesmo sabor”, explica [Eva García Vázquez](#), catedrática de Xenética e coautora do estudo. España é o país que máis rapantes pesca, co 42% das capturas mundiais na última década, segundo os datos da ONU. E os científicos detectaron que o 90% dos rapantes que chegan ao porto identifícanse como rapantes europeos, aínda que as análises xenéticas mostran que en realidade só supoñen un 50%, sendo o resto rapantes manchados. Os pescadores estarían a capturar esta última especie sen control algún.

Estado real “descoñecido”

Os científicos da Universidade de Oviedo traballan agora en tentar estimar cantos rapantes de cada especie hai no mar, para determinar o seu estado de explotación real, agora “descoñecido”, segundo as súas palabras. Os resultados chegarán a final de ano.

Os autores analizaron máis de 500 rapantes procedentes de cinco lonxas diferentes de España, en Galicia, Asturias, Madrid, Cataluña e a Comunidade Valenciana. O 40% se etiquetaba mal na mesma descarga dos barcos no porto. E o erro aumentaba até chegar ao 60% nos mercados, “os valores máis altos xamais rexistrados para peces e mariscos”, segundo o estudo, [publicado agora na revista *Fisheries Research*](#).

“Unha das teorías que nós manexamos para xustificar este erro é o aforro de tempo e diñeiro, xa que ao tratalas como unha soa especie aforras ambos”, sinala o biólogo Víctor Crego, coautor do traballo e agora temporalmente na Universidade canadense de Vitoria.

A xuízo de Crego, a identificación errónea dos rapantes “pode acabar moi mal no futuro próximo, por exemplo cun decrecemento poboacional no caso do galo manchado que pode acabar nun pescozo de botella, ameazando o futuro das pesqueiras”.

En decembro, a UE aprobou un 11% de incremento da cota pesqueira de galo para España en augas do Cantábrico e Galicia, chegando ás 1.121 toneladas en 2012. Entón, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente achacou este aumento a “[a constatación da](#)

O 60% dos rapantes das pescaderías españolas non son o que di a etiqueta

Escrito por Manuel Ansedo (Materia)
Sábado, 21 Xullo 2012 13:42

[mellora da situación biolóxica](#)

" do galo.

Un engano masivo

O equipo da Universidade de Oviedo xa destapou [outros fraudes que si eran económicos](#) . En 2011 desvelaron con análise de ADN que máis do 30% dos produtos de pescada comercializados en España e Grecia estaban mal etiquetados. En realidade, eran outras especies africanas, marcadas como europeas ou americanas polo seu maior valor económico. Un engano masivo en toda regra.